

1.IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!

ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	5º e 6º
ÁREA/S	Educación Artística (Educación Plástica e Educación Musical), Matemáticas, Valores Sociais e Cívicos e Lingua Galega e Literatura.	MESTRES	Ana Domínguez Collarte

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Despois de aprender o trimestre pasado as Vangardas artísticas de comezos do século XX, continuaremos coas manifestacións reivindicativas. Neste caso, traballaremos os Happenings, as instalacións artísticas e as Performances.

Tentaremos concienciar a sociedade (neste caso comezaremos coas e cos máis cativos do colexio) sobre algún dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (sobre todo os vinculados aos das interaccións e causas sociais, baixo o lema do colexio “Pensa globalmente, actúa localmente”).



XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Esta tarefa axudará ás cativas e cativos a potenciar a súa creatividade baixo a reivindicación dun problema social, como podería ser o non respecto cara as desigualdades.

A través das actividades propostas, o noso alumnado poderá ter unha aprendizaxe competencial, xa que estaremos traballando a CCL, por exemplo, a través da redacción da pescuda de información, dos debates que se poderían crear á hora das decisións que teñan que tomar...; a CMCT xa que estaremos realizando cálculos matemáticos, para poder medir o terreo no que se fará a instalación artística; a CD porque traballaremos cos ordenadores para a



pescuda documental e tentaremos realizar os planos e os deseños de instalacións online; a CAA porque traballaremos de maneira cooperativa, onde se terán que organizar e planificar o traballo; a CSC xa que traballaremos unha problemática social e ademais ao traballar en equipo, deberán chegar a acordos e debater dende o respecto; a CSIEE xa que o propio produto final xorde da creatividade e da iniciativa das nenas e nenos; e a CECC, porque coñecerán como as persoas artistas, durante o século XX e mesmo na actualidade están expresando e manifestándose sobre diversas problemáticas sociais para tentar buscar unha solución.

CONTEXTO:

Ámbito Creavisual: Aula Dixital; Aula de Educación Musical; Patio.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
1º SESIÓN			
<p>Chegada ao espazo onde se vai realizar o Happening e onde está preparada a instalación artística.</p> <p>Observación do espazo creado a través da rutina de pensamento “Vexo, penso, pregúntome”.</p>	<p>LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.</p>	<p>LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p>	

"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



<p>Realización do Happening, dividido a súa vez en catro espazos ou instalacións diferentes.</p>	<p>EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</p>	<p>EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.</p>	
<p>Pescuda de información sobre os Happening, as instalacións artísticas e as Performance a través da técnica cooperativa do quebracabezas e da estratexia cooperativa 1:2:4.</p>	<p>EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.</p>	<p>LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.</p>	<p>LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.</p>
<p>Recollida de toda esa información encontrada nos grupo base e explicación da mesma en gran grupo a través da estratexia a substancia.</p>	<p>LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.</p>	<p>LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.</p>	
<p>Realización do “estudo de mercado”, é dicir, do público ao que vai ir destinado a nosa instalación artística, onde se vai realizar o Happening.</p> <p>Para iso, imos crear un mapa da empatía a través da estratexia do folio xiratorio.</p>	<p>VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas.</p>	<p>VSCB2.1.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.</p>	
<p>2º SESIÓN</p>			

“INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!”



<p>Medición da superficie e da área do espazo do patio que se vai empregar para a montaxe da instalación.</p>	<p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</p>	<p>MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p>	
<p>Creación do plano onde imos realizar a instalación artística, a través da estratexia cooperativa folio xiratorio.</p>	<p>MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).</p>	<p>EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.</p>	
<p>Comezar a crear e imaxinar estruturas para a nosa instalación e colocalas no plano creado.</p>	<p>MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.</p>		



"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



<p>Posta en común dos nosos planos creados, para tentar que en gran grupo creen un plano decidido por todo o mundo.</p>	<p>LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.</p>		
<p>Choiva de ideas para ver como crear as estruturas e crear unha lista para ver que materiais precisamos para a próxima sesión.</p>	<p>LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.</p>	<p>LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p>	
<p>Análise e autoavaliación dalgunha das estratexias cooperativas realizadas nestas sesións.</p>	<p>VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</p>		
<p>3º SESIÓN</p>			
<p>Creación das estruturas para a nosa instalación artística.</p>	<p>EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.</p>	<p>EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.</p>	
<p>Realización dun vídeo-invitación ao noso público, empregando o Chroma.</p>	<p>LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.</p>		
<p>Colocación da instalación artística para probar que está todo correcto.</p>	<p>EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.</p>		

4º SESIÓN			
Análise DAFO da instalación artística a través da estratexia cooperativa de lapis ao centro .	EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.		
Elaboración dunha enquisa de satisfacción para o público.	LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...		
Análise dunha performance , para a posterior creación dunha propia: https://www.youtube.com/watch?v=ppET8N_-zos	LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.		
Creación dunha performance en gran grupo.	EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	
Ensaio e vídeo-gravación da performance creada.	EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	
Análise do aprendido no ámbito ao cubrir o “billete de saída” .	EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.		

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1º SESIÓN				
<p>Chegada ao espazo onde se vai realizar o Happening e onde está preparada a instalación artística.</p> <p>Observación do espazo creado a través da rutina de pensamento “Vexo, penso, preguntome”.</p>	<p>Chegada do alumnado á aula de Educación Musical onde está colocada e preparada a instalación.</p>	<p>O alumnado observará a instalación e realizará a rutina de pensamento escribindo nos post-its.</p>	<p>Pegaremos os post-its nos folios A3 (no caso de ensino mixto redactarán as súas ideas na aula virtual na ferramenta de “board”).</p>	<p>Poremos en común o posto e tentaremos resolver as dúbidas que ten o alumnado no apartado de “pregúntome”.</p>
<p>Realización do Happening, dividido a súa vez en catro espazos ou instalacións diferentes.</p>	<p>A instalación artística estará dividida en catro estruturas, nas que se irá movendo o alumnado nos seus equipos cooperativos.</p>	<p>1º: Nunha esquina da aula, colocar papel continuo (tanto nas paredes coma no chan). Como imos ter música ambiental, imos pedirles que intenten debuxar o movemento que lle suxire ao escoitala.</p>	<p>2º: Imos colocar unha estrutura (en forma de rectángulo) con folios de cores. O alumnado vaise colocar enriba dela e tentarán movela, creando unha nova figura que represente o movemento que elas e eles queiran.</p> <p>3º: Imos crear un cadro en movemento. Para iso, cunha cartulina A3 imos</p>	<p>4º: Semellante á primeira estrutura, soamente tendo como diferenza que imos pintar no papel continuo colocado no chan grazas ao impulso que nos produzan pelotas de diversos tamaños.</p>

"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



			colocar ao alumnado en cada unha das esquinas. Iremos poñer unhas gotiñas de ténpera no centro da cartulina para que así vaian movendo a pintura en equipo e crear a súa composición.	
Pescuda de información sobre os Happening, as instalacións artísticas e as Performance a través da técnica cooperativa do quebracabezas e da estratexia cooperativa 1:2:4 .	Dividiremos ao alumnado en grupos de expertas e expertos a través da técnica cooperativa do "Quebracabezas", onde cada membro do equipo base, farase persoa experta das instalacións artísticas, dos Happenings, das Performances e do grupo artístico Segni Mossi .	Antes de comezar a buscar, a mestra daralles unha serie de estratexias de pescuda en internet , que estarán subidas na aula virtual.	Unha vez que comecen a buscar, realizaremos a estratexia 1:2:4 (primeiro van buscar en individual, logo en parellas e logo porán en común as ideas en equipo), para iso, poderán empregar procesadores de texto do seu ordenador. Aínda así, para axudar no posible ensino mixto, a mestra creará documentos en Google Docs para que poidan realizar a posta en común de maneira cooperativa.	



<p>Recollida de toda esa información encontrada nos grupo base e explicación da mesma en gran grupo a través da estratexia a substancia.</p>	<p>Unha vez que o alumnado volva ao seu equipo base, e despois da correspondente explicación de cada unha das pescudas, a mestra invitará a cada estudante a escribir unha frase ou idea principal dalgún dos temas pescudados.</p>	<p>Unha vez redactado o pequeno texto, poderá ensinarllo ao seu equipo e entre todas e todos van discutir se está ben ou non, se o corríxen, se o matizan... Quedando así un único texto/pequena explicación.</p>	<p>Poremos en común as ideas (grazas ás persoas portavoces), para que así todo o mundo aprenda sobre os temas traballados.</p>	
<p>Realización do "estudo de mercado", é dicir, do público ao que vai ir destinado a nosa instalación artística, onde se vai realizar o Happening. Para iso, imos crear un mapa da empatía a través da estratexia do folio xiratorio.</p>	<p>A mestra explicarlles que grupo de Educación Infantil ou de 1º e 2º de Educación Primaria lles tocou.</p>	<p>Tentaremos cubrir o mapa da empatía, destacando sobre todo o que elas e eles pensan que lles podería gustar ás nenas e aos nenos.</p>	<p>Cando todos os equipos rematen o mapa, a través do folio xiratorio, poremos en común en gran grupo as ideas para crear un mapa da empatía en conxunto.</p>	
2º SESIÓN				
<p>Medición da superficie e da área do espazo do patio que se vai empregar para a montaxe da instalación.</p>	<p>Baixaremos a zona do patio (que a mestra terá delimitada con anterioridade) na que se realizará a instalación artística e o Happening.</p>	<p>Se dispoñemos de suficientes regras e cintas métricas para todos os equipos cooperativos, medirán e anotarán as medidas (de superficie e área) da zona do patio correspondente. Se non puidese ser posible isto, tentaremos medir en gran grupo e</p>		



"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



		que cada equipo anote as medidas.		
Creación do plano onde imos realizar a instalación artística, a través da estratexia cooperativa folio xiratorio .	Cada equipo cooperativo realizará o seu propio plano coas medidas tomadas con anterioridade e baixo a escala decidida entre todo o mundo.	Realizarase a través da estratexia do folio xiratorio , para que así mentres unha persoa está debuxando no plano, o resto pode ir comprobando e calculando as medidas e como pasalas ao plano en escala.		
Comezar a crear e imaxinar estruturas para a nosa instalación e colocalas no plano creado.	Unha vez creado o plano, cada un dos equipos pode ir colocando estruturas (que teñen que reivindicar algún ODS) no sitios que elas e eles prefiran.	Seguiremos coa estratexia do folio xiratorio , para que así mentres unha persoa debuxa as estruturas, o resto pode ir pensando no que poden medir e como colocalas e onde.		
Posta en común dos nosos planos creados, para tentar que en gran grupo creen un plano decidido por todo o mundo.	A través da persoa portavoz, podemos en común todos os planos creados , nos que se inclúen as estruturas pensadas.	Tentaremos, nos equipos, crear un plano conxunto de toda a clase .		
Choiva de ideas para ver como crear as estruturas e crear unha lista para ver que materiais precisamos para a próxima sesión.	Realizaremos en gran grupo unha choiva de ideas , onde todo o mundo poderá falar, respectando as quendas de palabra, comentando ou propondo que materiais	A mestra irá anotando as ideas, ou mesmo podemos empregar un "board" na aula virtual no caso de ensino mixto.		

	podemos empregar para crear as estruturas decididas no plano grupal anteriormente creado.			
Análise e autoavaliación dalgunha das estratexias cooperativas realizadas nestas sesións.	Os equipos cubrirán a páxina de “Diario de sesións” , do caderno de equipo, avaliando a estratexia correspondente.			
3º SESIÓN				
Creación das estruturas para a nosa instalación artística.	Dividiremos as estruturas que queiran realizar para crear a súa instalación artística , en equipos cooperativos. Se non se chegan a poñerse de acordo, poderemos sortealas coa ferramenta de http://fluky.io	Unha vez repartidas as estruturas... mans a obra!		
Realización dun vídeo-invitación ao noso público, empregando o Chroma.	Podemos crear un pequeno guión para o vídeo-invitación a través da estratexia cooperativa “placemat consensus” .	De maneira individual , o alumnado anotará un pequeno guión para o vídeo-invitación.	Porán en común, primeiro en equipos cooperativos e logo en gran grupo , o guión para poder crear un soamente.	
Colocación da instalación artística para probar que está todo correcto.	Baixaremos ao patio , e iremos colocando, na zona delimitada, as estruturas creadas para a instalación.	Unha vez creada a instalación, veremos como está colocada, incluso poderemos sacar fotografías para despois poder telas presente cando fagamos a análise DAFO.		



"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



4º SESIÓN				
Análise DAFO da instalación artística a través da estratexia cooperativa de lapis ao centro .	Un membro do equipo, mentres os demais deixan os seus lapis, propón en alto as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da instalación creada.	Cando remate de dicir as súas preguntas, o grupo realiza un pequeno debate sobre se están de acordo ou non coas súas ideas.	Cando cheguen a un acordo, cada persoa colle o seu papel e vai anotando a análise DAFO.	
Elaboración dunha enquisa de satisfacción para o público.	A través da ferramenta de creación de enquisas de Google Docs, realizaremos unha, primeiro en equipo cooperativo .	Poremos en común todas as enquisas creadas, para logo crear unha en gran grupo a través da mesma ferramenta.	Esta enquisa serviranos para ver e analizar o feedback que nos dará o público para mellorar a nosa instalación.	
Análise dunha performance , para a posterior creación dunha propia: https://www.youtube.com/watch?v=ppET8N-zos	Veremos o vídeo e extraeremos ideas de como podemos crear unha performance.			
Creación dunha performance en gran grupo.	Poderemos facer unha choiva de ideas para propor como realizar a nosa performance, que vai reivindicar algún ODS.	Comezaremos a crear os pasos , xa que realmente é unha coreografía.	Xuntaremos todos os pasos e crearemos a nosa performance.	
Ensaio e vídeo-gravación da performance creada.	Ensaiaremos a performance no espazo onde realizaremos a instalación artística.	Graváremola .	Porémola na clase e daremos feedback para ver que podemos mellorar.	
Análise do aprendido no ámbito ao cubrir o "billete de saída" .	Realizaremos un proceso de metacognición co alumnado para que sexan conscientes do que aprenderon e o que lles gustaría aprender.			

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECUSOS DIDÁCTICOS	TEMP.
1º SESIÓN				
<p>Chegada ao espazo onde se vai realizar o Happening e onde está preparada a instalación artística.</p> <p>Observación do espazo creado a través da rutina de pensamento “Vexo, penso, pregúntome”.</p>	Aula de Educación Musical.	Individual e gran grupo.	<p>Folio A3 coa rutina de pensamento, post-its e bolígrafos.</p> <p>*No caso de realizalo en ensino mixto, a rutina de pensamento a realizaremos na aula virtual, a través da ferramenta “board”.</p>	9:20-9:30 (10 min).
<p>Realización do Happening, dividido a súa vez en catro espazos ou instalacións diferentes.</p>	Aula de Educación Musical.	Equipos cooperativos e individual.	<p>Papel continuo, cartulinas A3, rotuladores, acuarelas, témperas, folios de cores, pelotas, cancións metidas nunha lista de reprodución...</p> <p>*No caso de realizalo en ensino mixto, tentaremos que o alumnado realice o seu Happening en casa, a través de materiais e obxectos que teñan alí,</p>	9:30-10:30 (1 hora) (15 min en cada estrutura da instalación).

			como folios, bolígrafos, pinturas...	
Pescuda de información sobre os Happening, as instalacións artísticas e as Performance a través da técnica cooperativa do quebracabezas e da estratexia cooperativa 1:2:4 .	Aula Dixital.	Equipos cooperativos.	Ordenadores.	10:30-11:15 (45 min)
Recollida de toda esa información encontrada nos grupo base e explicación da mesma en gran grupo a través da estratexia a substancia .	Aula Dixital.	Equipos cooperativos.	Folios ou mesmo os ordenadores cun procesador de texto.	11:15-11:25 (10 min)
Realización do “estudo de mercado”, é dicir, do público ao que vai ir destinado a nosa instalación artística, onde se vai realizar o Happening. Para iso, imos crear un mapa da empatía a través da estratexia do folio xiratorio .	Aula Dixital.	Equipos cooperativos.	Mapa da empatía en A3, bolígrafos. *No caso de realizalo en ensino mixto, subiríamos o mapa da empatía á aula virtual, podendo empregar a ferramenta de “board”, para que así poidan escribir todas e todos.	11:25-11:40 (15 min)
2º SESIÓN				
Medición da superficie e da área do espazo do patio que se vai empregar para a montaxe da instalación.	Patio.	Equipos cooperativos ou gran grupo.	Regras, cintas métricas, folios e bolígrafos.	9:20-10:00 (40 min)

Creación do plano onde imos realizar a instalación artística, a través da estratexia cooperativa folio xiratorio .	Aula Dixital.	Equipos cooperativos.	Folios en A3 con cuadrícula para crear o plano. *No caso de ensino mixto, subiremos o modelo de cuadrícula para que se poida facer desde casa. Poderíamos empregar a ferramenta online https://aggie.io/cashuwgnx	10:00-10:45 (45 min)
Comezar a crear e imaxinar estruturas para a nosa instalación e colocalas no plano creado.	Aula Dixital.	Equipos cooperativos.	Folios en A3 con cuadrícula para poñer as estruturas no plano. *No caso de ensino mixto, subiremos o modelo de cuadrícula para que se poida facer desde casa. Poderíamos empregar a ferramenta online https://aggie.io/cashuwgnx	10:45-11:25 (40 min)
Posta en común dos nosos planos creados, para tentar que en gran grupo creen un plano decidido por todo o mundo.	Aula Dixital.	Gran grupo.	Folios ou a ferramenta Aggie.io onde se realizaron os planos.	11:25-11:40 (15 min)
Choiva de ideas para ver como crear as estruturas e crear unha lista para ver que materiais precisamos para a próxima sesión.	Aula Dixital.	Gran grupo.	Encerado, ou mesmo empregar a ferramenta “board” da aula virtual.	12:30-13:00 (30 min)

Análise e autoavaliación dalgunha das estratexias cooperativas realizadas nestas sesións.	Aula Dixital.	Equipos cooperativos.	Caderno de equipo.	13:00-13:20 (20 min)
3º SESIÓN				
Creación das estruturas para a nosa instalación artística.	Aula Dixital.	Equipos cooperativos e gran grupo.	Materiais reciclados que o noso alumnado precise.	9:20-10:50 (1 hora e 30 min)
Realización dun vídeo-invitación ao noso público, empregando o Chroma.	Aula Dixital.	Gran grupo.	Ipads e Chroma.	10:50-11:20 (30 min)
Colocación da instalación artística para probar que está todo correcto.	Patio.	Gran grupo.	Estruturas creadas.	11:20-11:40 (20 min)
4º SESIÓN				
Análise DAFO da instalación artística a través da estratexia cooperativa de lapis ao centro .	Aula Dixital.	Equipos cooperativos e gran grupo.	Folios coa estrutura DAFO dada pola docente e bolígrafos. *No caso de ensino mixto se subirá a estrutura á aula virtual para que poida participar todo o mundo.	9:20-10:00 (40 min)
Elaboración dunha enquisa de satisfacción para o público.	Aula Dixital.	Equipos cooperativos e gran grupo.	Ferramenta de Google Drive onde se pode realizar enquisas e poder ver os	10:00-10:30 (30 min)

			resultados para o posterior feedback.	
Análise dunha performance , para a posterior creación dunha propia: https://www.youtube.com/watch?v=ppET8N-zos	Aula Dixital.	Gran grupo.	Ordenadores, Youtube.	10:30-10:40 (10 min)
Creación dunha performance en gran grupo.	Aula Dixital.	Gran grupo.	Materiais que precise o noso alumnado.	10:40-11:40 (1 hora)
Ensaio e vídeo-gravación da performance creada.	Patio.	Gran grupo.	Ipads para gravar.	12:30-13:00 (30 min)
Análise do aprendido no ámbito ao cubrir o “ billete de saída ”.	Aula Dixital.	Individual.	Billete de saída impreso ou subido á aula virtual.	13:00-13:20 (20 min)

EXEMPLO DE INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN

LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SI	NON	OBSERVACIÓNS
LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.			
LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.			

"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.			
LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.			
LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. -Fai pequenas exposicións.			
LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes... -Elabora enquisas			
LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. -Identifica información relevante			
EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.			
EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.			
EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula. -Coñece -Comprende -É capaz de aplicar a escala			
VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas. -Identifica -Define			
MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada. -Estima lonxitudes -Estima superficies			
MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.			



<p>MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende -Describe -Interpreta e elabora planos -Utiliza nocións xeométricas (perímetro e superficie) 			
---	--	--	--

ESCALA DE ESTIMACIÓN				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SEMPRE	CASE SEMPRE	ÁS VECES	NUNCA
LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.				
LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.				
LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.				
EMB1.3.1. Cóñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.				
EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.				
EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.				
EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.				
EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.				
VSCB2.1.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.				
VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.				

"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.

"INSTALÁMONOS NOS HAPPENINGS E AS PERFORMANCES!"



DESENVOLVE ACTITUDES DE COOPERACIÓN E TRABALLO EN EQUIPO, VALORA AS IDEAS ALLEAS E REACCIONA CON INTUICIÓN, APERTURA E FLEXIBILIDADE ANTE ELAS.	NUNCA	AS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
⇒ Valora as opinións dos demais.				
⇒ Valora as ideas dos demais				
⇒ Participa aportando ideas.				
⇒ Participa dando as súas opinións sobre un tema.				
⇒ Acepta responsabilidades e ten perseveranza .				
⇒ Pide axuda cando o precisa				
⇒ Deixase axudar polos demais.				
⇒ Axuda e está pendente de quen precisa axuda				
⇒ Acepta as críticas (propostas de mellora).				
⇒ Respecta as quendas nas estruturas cooperativas.				
⇒ Resume o traballo para facilitar a comprensión dos compañeiros/as				
⇒ Escoita con atención aos demais, mirando aos compañeiros e aportando a súa opinión.				
⇒ Participa activamente sabendo o que ten que facer.				



RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE				
1. Planificación da actividade docente	A (4)	B	C	D (1)
No ámbito, os estándares de aprendizaxe son obxectivos e claros e o alumnado os coñece e entende en todo momento.				
Teño planificadas medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE.				
2. Desenvolvemento da actividade docente	A (4)	B	C	D (1)
Nas actividades propostas, hai un emprego de métodos e estratexias, tendo en conta o emprego das TIC, para orientar ao alumnado na súa aprendizaxe.				
Motivo ao alumnado e promovo o seu interese con recursos e estratexias didácticas.				
3. Seguimento das aprendizaxes do alumnado e decisións adoptadas para favorecer a mellora destas e destes	A (4)	B	C	D (1)
Emprego instrumentos e procedementos de avaliación adecuados.				
Realizo un rexistro individualizado dos progresos e realizacións do meu alumnado.				
Teño en conta a atención á diversidade na avaliación do alumnado e realizo actividades adecuadas para este.				
4. Xestión da aula	A (4)	B	C	D (1)
Planifico a miña actividade docente, preparo materiais e as propias actividades, organizo a aula...				
Promovo un ambiente de traballo que desenvolve actitudes de respecto e colaboración.				
Teño en conta as diversas capacidades de rendemento do alumnado e realizo actividades acordes a estas.				